

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2024 pola que se publica a concesión das axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (códigos de procedemento ED314E e ED314D), convocadas pola Orde do 29 de maio de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 109, do 6 de xuño).

Mediante a Orde do 29 de maio de 2024 (DOG número 109, do 6 de xuño) publicouse a convocatoria de axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Tras valorar a Comisión as solicitudes e a documentación presentadas e elevada a proposta definitiva de concesión destas axudas, segundo prevén os artigos 10, 11 e 12 da orde de convocatoria, e en virtude das atribucións que ten conferidas a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DISPOÑO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás escolas de música públicas das cales sexan titulares os concellos que se relacionan no anexo A.I desta resolución. Así mesmo, desestimar as solicitudes presentadas polas escolas de música públicas que se relacionan no anexo A.II, polos motivos que se indican.

Segundo. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo B.I desta resolución.

Terceiro. O pagamento da subvención realizarase a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia*. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á súa modificación.

Cuarto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas representantes das entidades interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e For-



mación Profesional, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

ANEXO A

Axuda a escolas de música públicas

A.I. Adxudicacións definitivas.

Concello	Código do centro	Escola de música	Número de alumnado	Importe
Abegondo	15032741	Escola de Música Municipal de Abegondo	312	5.123,15 €
Allariz	32000101	Escola de Música Municipal de Allariz	154	2.528,74 €
Ames	15033113	Escola de Música Municipal de Ames	179	2.939,24 €
Baña, A	15032273	Escola de Música Municipal da Baña	29	476,19 €
Barbadás	32014331	Escola de Música Municipal de Barbadás	206	3.382,59 €
Begonte	27020951	Escola de Música Municipal de Begonte	220	3.612,48 €
Brión	15032753	Escola de Música Municipal Magariños	197	3.234,81 €
Cabana de Bergantiños	15032479	Escola de Música Municipal de Cabana de Bergantiños	63	1.034,48 €
Caldas de Reis	36019888	Escola de Música Municipal de Caldas de Reis	145	2.380,95 €
Cangas	36020027	Escola de Música Municipal Mestre Inocentes Camaño	213	3.497,54 €
Carballiño, O	32016716	Escola de Música Municipal do Carballiño	124	2.036,12 €
Carnota	15027605	Escola de Música Municipal de Carnota	203	3.333,33 €
Catoira	36020180	Escola de Música Municipal de Catoira	82	1.346,47 €
Cee	15027666	Escola de Música Municipal de Cee	129	2.118,23 €
Guitiriz	27001269	Escola de Música Municipal de Guitiriz	105	1.724,14 €
Lugo	27020938	Escola de Música Municipal de Lugo	322	5.287,36 €
Maceda	32016698	Escola de Música Municipal de Maceda	119	1.954,02 €

CVE-DOG: 97hffg0-qcu1-en81-ssz4-ke7zzjijm4g4



Concello	Código do centro	Escola de música	Número de alumnado	Importe
Marín	36019906	Escola de Música Municipal Mestre Landín Pazos	79	1.297,21 €
Meaño	36024801	Escola de Música Municipal de Meaño	191	3.136,29 €
Meira	27020771	Escola de Música Municipal de Meira	103	1.691,30 €
Moaña	36024653	Escola de Música Municipal de Moaña	181	2.972,09 €
Mondariz	36024641	Escola de Música Municipal de Mondariz	116	1.904,76 €
Mondoñedo	27020550	Escola de Música Municipal O Pallarego	69	1.133,01 €
Moraña	36024677	Escola de Música Municipal de Moraña	69	1.133,01 €
Muros	15032637	Escola de Música Municipal de Muros	114	1.871,92 €
Negreira	15033162	Escola de Música Municipal de Negreira	101	1.658,46 €
Ordes	15032261	Escola de Música Municipal de Ordes	89	1.461,41 €
Oroso	15032972	Escola de Música Municipal de Oroso José Vereá Montero	103	1.691,30 €
Ortigueira	15032133	Escola de Música Municipal de Ortigueira	105	1.724,14 €
Pobra do Brollón, A	27020847	Escola de Música Municipal Samoeiro	66	1.083,74 €
Ponteareas	36024707	Escola de Música Municipal Vila do Corpus de Ponteareas	92	1.510,67 €
Pontenova, A	27020835	Escola de Música Municipal da Pontenova	119	1.954,02 €
Porto do Son	15027514	Escola de Música Municipal de Porto do Son	53	870,28 €
Ribadavia	32000113	Escola de Música Municipal de Ribadavia	102	1.674,88 €
Ribadeo	27016546	Escola de Música Municipal de Ribadeo	367	6.026,27 €
San Cibrao das Viñas	32020732	Escola de Música Municipal de San Cibrao das Viñas	70	1.149,43 €
Sanxenxo	36024513	Escola de Música Municipal Lied_em	230	3.776,68 €
Silleda	36020003	Escola de Música Municipal de Silleda	227	3.727,42 €
Sober	27016637	Escola de Música Municipal de Sober	71	1.165,85 €
Valga	36019979	Escola de Música Municipal de Valga	139	2.282,43 €
Vila de Cruces	36019980	Escola de Música Municipal de Vila de Cruces (Artística de Merza)	88	1.444,99 €
Vilagarcía de Arousa	36019891	Escola de Música Municipal Bernardo del Río Parada	344	5.648,60 €
Importe total:				100.000,00 €

A.II. Exclusiones definitivas.

Concello	Escola de música	Motivo
Arzúa	Escola de Música Municipal de Arzúa	Non achega documentación: artigos 5.a), 5.c) e 9.e)
Burela	Escola de Música Municipal de Burela	Non achega documentación: artigo 5.c)
Rois	Escola de Música Municipal de Rois	Non achega documentación: artigo 5.c)
Sarria	Escola de Música Municipal de Sarria	Non achega documentación: artigo 5.c)



ANEXO B

Axudas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro

B.I. Adxudicacións definitivas.

Concello	Código do centro	Escola de música	Número de alumnado	Importe
Agolada	36025074	Emuspr de Agolada	98	2.757,65 €
Barro	36025086	Emuspr de Barro	75	2.110,45 €
Cambre	15032856	Emuspr Sementeira de Cambre	210	5.909,27 €
Cangas	36025131	Emuspr Staccato	94	2.645,10 €
Celanova	32020859	Emuspr EMBC	174	4.896,24 €
Cerdedo-Cotobade	36025189	Emuspr Escola de Música da Banda Unión Musical de Tenorio	118	3.320,45 €
Chantada	27020975	Emuspr Casa da Música de Chantada	430	9.000,00 €
Coruña, A	15032947	Emuspr Compañía de María	188	5.290,20 €
Gondomar	36024896	Emuspr Agrupación Musical de Vincios	180	5.065,09 €
Lalín	36019967	Emuspr Banda de Lalín	102	2.870,21 €
Lalín	36025025	Emuspr Escola de Música de Vilatuxe	143	4.023,92 €
Mos	36024501	Emuspr de Mos	448	9.000,00 €
Ponteareas	36001562	Emuspr Unión de Guláns	128	3.601,84 €
Ponteareas	36024021	Emuspr de Xinzo	214	6.021,82 €
Pontes de García Rodríguez, As	15033289	Emuspr Escola de Música das Pontes	127	3.573,70 €
Pontevedra	36024732	Emuspr de Salcedo	116	3.264,17 €
Redondela	36024941	Emuspr de Chapela	227	6.387,63 €
Rianxo	15033083	Emuspr de Rianxo	220	6.190,66 €
Ribadavia	32020847	Emuspr Mestre Veneroni	95	2.673,24 €
Ribadumia	36025098	Emuspr Escola de Música de Ribadumia	203	5.712,28 €
Rosal, O	36000843	Emuspr Agrupación Musical do Rosal	221	6.218,80 €
Salceda de Caselas	36020222	Emuspr Asociación Amigos da Música	247	6.950,42 €
Santiso	15027824	Emuspr de Visantofía	75	2.110,45 €
Teo	15027769	Emuspr de Calo, Teo	117	3.292,31 €
Tomiño	36025141	Emuspr Escola de Música Goián	153	4.305,32 €
Tui	36025190	Emuspr Escola da Banda de Música Popular de Tui	56	1.575,81 €
Vigo	36000867	Emuspr Atlántida	218	6.134,38 €
Vigo	36019943	Emuspr de Beade	169	4.755,55 €
Vigo	36024379	Emuspr Unión Musical de Coruxo	105	2.954,63 €
Vigo	36024744	Emuspr de Valadares	184	5.177,64 €
Vigo	36025116	Emuspr Escola de Música Ateneo Musical de Bembrive	159	4.474,16 €
Vigo	36025153	Emuspr Escola de Música Val do Fragoso	84	2.363,71 €
Vigo	36025207	Emuspr Escola de Música Lira de San Miguel de Oia	180	5.065,09 €



Concello	Código do centro	Escola de música	Número de alumnado	Importe
Vilaboa	36024999	Emuspr de Vilaboa	185	5.205,78 €
Vilanova de Arousa	36024719	Emuspr de Vilanova	201	5.656,01 €
Xinzo de Limia	32020902	Emuspr da Limia	158	4.446,02 €
Importe total:				165.000,00 €

